



GRUPO MUNICIPAL DO BNG DE NOIA

O Grupo Municipal do BNG, ao abeiro do establecido na Lei de Administración Local de Galiza formula, para o seu debate e aprobación en Pleno, a seguinte

M O C I Ó N

Exposición de motivos:

A estrada AC-550 Cee-Ribeira, pertencente á rede primaria básica de estradas de Galiza, adolece de importantes eivas en canto a seguridade nalgúns dos seus tramos, varios deles situados no Concello de Noia.

Un deses tramos nos que inseguridade viaria é patente, especialmente para os peóns, correspóndese co que atravesa a parroquia de Boa, que conta con arredor de 400 veciñas e veciños, entre eles persoas da terceira idade e menores, que supoñen con moito os colectivos máis expostos á perigosidade deste tramo.

Polo exposto, este Grupo Municipal propón ao Pleno do Concello de Noia a adopción do seguinte

A C O R D O

O Concello de Noia trasladaralle á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, a necesidade de establecer durante o presente ano os elementos para a redución da velocidade na estrada AC-550 Cee-Ribeira ao seu paso polo núcleo de Boa, así como os pasos de peóns necesarios que garantan o paso seguro da veciñanza da zona, especialmente na zona próxima á parada do autobús escolar.

Noia, 13 de xaneiro de 2017

Irati García Tomé
Voceira Municipal do BNG

SR.ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE NOIA .-